

CRITERIOS DE PUNTUACIÓN E CALIFICACIÓN PARA O TRABALLO DURANTE O PROCESO TELEMÁTICO.

Durante este proceso que abrangue o final do 2º trimestre e o total do 3º trimestre valorase a entrega dun total de 11 tarefas no curso de 3º da ESO "B". Cada unha destas tarefas terá un valor de 0,10 sobre a nota media da 1ª e 2ª avaliación.

Para que ditas tarefas puntúen deben estar entregadas en prazo (salvo causas xustificadas), deben estar ben presentadas e deben estar resoltas con calidade. A súa simple entrega non será suficiente para que sumen o valor que se lle adxudicou.

A suma total das 11 tarefas corresponderíase con 1,1 a maiores sobre a nota media, como ben comentamos anteriormente. A aquelas alumnas e alumnos que teñan entregadas todas as tarefas en prazo, con boa presentación e unha boa calidade das mesmas sumaráselle un total de 1,1 punto, recoñecendo así o seu traballo continuo e interese pola materia.

De seguido citamos as 11 tarefas que se encomendaron para este curso:

1. Resolución de fichas relacionadas coa orientación deportiva.
2. Preguntas para o traballo de conceptos teórico relacionados coa forza.
3. Deseño dun circuíto personalizado para o traballo da forza muscular.
4. Execución de diferentes test de valoración da forza. Entrega de resultados.
5. Execución de figuras individuais de Acrosport.
6. Preguntas conceptos teóricos do Acrosport. Reto físico forza CORE.
7. Preguntas II de conceptos teóricos do Acrosport .
8. Execución de figuras grupais de Acrosport . Posibilidade de montaxe fotográfica.
9. Vídeo adestramento con actividades da pirámide de Actividade Física.
10. Análise de diferentes actividades de relaxación e respiración.
11. Deseño de dieta saudable. Análise de aporte e gasto calórico.

Nalgunhas das semanas plantexáronse retos físicos con carácter voluntario. A entrega dalgúns destes retos e a súa correspondente consecución, será valorada de forma positiva de cara á puntuación final.